



# **Guía de actividades:**

**Educación ambiental**

**Educación para o consumo**



# GUÍA DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

Este documento é unha *guía* orientativa de algunhas actividades concretas ofertadas por **VENTOS Estudios Ambientais**. Estas actividades poden ser realizadas de xeito individual, ou agruparse nun programa máis completo e conxunto.

Poden solicitar maior información sobre o desenvolvemento, obxectivos, contidos ... De cada unha das actividades que lles resulten de maior interese, así coma a realización dun proxecto específico adaptado ás súas preferencias.

## **VENTOS – Estudios Ambientais**

✉ A Florida I, 3ºB. 36600 Vilagarcía de Arousa.

☎ 986 505180 / 📞 607 351501

✉ info@ventos.es 🌐 www.ventos.es

**VENTOS - Estudios Ambientais** é unha iniciativa profesional formada por titulados en bioloxía e educación, con máis dunha década de experiencia en diversos ámbitos relacionados co medio ambiente.

- Desenvolve a súa actividade nas áreas de:
  - **Educación Ambiental**
  - **Educación para o Consumo**
  - **Educación para a Saúde**
  - **Campañas de Concienciación Cidadá**
  
- Ofrece os seus servizos a:
  - **Administracións**
  - **Centros Educativos**
  - **Asociacións**
  - **Empresas**
  - **Particulares**

**Membro do grupo SIMBIOSE**



**Empresa colaboradora de:**



## Listado de actividades de VENTOS

### GUÍA DE ACTIVIDADES: EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL

#### Charlas-coloquio

Apoiadas por material audiovisual e didáctico, nelas fomentárase o coloquio e a participación, buscando implicacións individuais para a vida cotiá. Duración aproximada: 1 hora (e posterior coloquio).

- Os espazos naturais galegos.
- Fauna e flora de Galicia.
- Donas do ar: introdución ao mundo das aves.
- Coñecemento das nosas árbores.
- Introducción á astronomía.
- Renovando enerxías: as fontes renovables de enerxía.
- Que facemos cos residuos urbanos.
- Ecoloxía na vida cotiá.
- Uso sostible da auga.
- Nadal e medio ambiente.
- Problemáticas ambientais e os seus efectos.
- Situación ambiental de Galicia.
- A biodiversidade no medio mariño.
- Impactos sobre o medio mariño.
- Agricultura ecolóxica.
- Aproveitamentos tradicionais das plantas: medicinais e tinguiduras.
- Fungos e cogomelos: iniciación á micoloxía.
- Micoloxía e respecto á natureza.
- Alimentos transxénicos e biotecnoloxía.
- Coñecemento da paisaxe.



## Obradoiros e xogos

De carácter eminentemente práctico, extraendo de cada un deles conclusións ou ideas extrapolables á vida cotián.

Cada obradoiro irá precedido dunha breve charla (10-15 minutos) sobre o tema a desenvolver. Estas actividades están dimensionadas para un máximo de 25 persoas, e estarán monitorizadas, segundo o caso, por un ou dous educadores.

### ☞ Xogo do ecoconsumo

Xogo arredor dun taboleiro, no cal se van superando preguntas e probas sobre o consumo e a súa relación co medio ambiente e a saúde. Apoiado con material didáctico.

### ☞ Coleccións de natureza ecolóxicas

Claves e indicacións para a elaboración de coleccións dunha forma respectuosa, así coma consellos para o goce e coñecemento da natureza sen danala. Inclúe a realización dun algario.

### ☞ Interpretación de pistas e sinais de animais

Obradoiro de Estudo das pegadas que deixan os seres vivos na natureza e que nos dan pistas da súa presenza ou comportamentos. Faranse moldes de pegadas, estudos de egagrópilas, observación e identificación de plumas e outros rastros animais, identificación de sons...

### ☞ Coñecendo plantas e animais

Xogo arredor dun taboleiro que representa os espazos e ecosistemas galegos, que deben ser relacionados (mediante probas e preguntas) cos seus animais e plantas característicos. Apoiado con material didáctico.



### ☞ Cultivo de cogomelos

Cultivo de cogomelos comestibles, empregando substratos e materiais sinxelos. Apoiado con material didáctico.

### ☞ Xogo "Pesca e Sostibilidade"

Xogo de simulación no que se aborda a influencia do tipo de rede e esforzo pesqueiro sobre a sostibilidade dos recursos. Apoiado por unha pequena mostra comentada de diversos produtos do mar comercializados.

### ☞ Recollida selectiva e reciclaxe dos residuos


Realización de obxectos e materiais mediante a reciclaxe de elementos cotiás. A actividade irá complementada cunha mostra de materiais reciclados (de xeito industrial e artesanal) e unha maqueta sobre os colectores da recollida selectiva.

Poderase elixir, entre outras posibilidades, algunha das seguintes:

- Elaboración artesanal de papel.
- Elaboración de xoias de papel (reutilización de papel revista).
- Elaboración artesanal de xabón (reciclaxe de aceite vexetal usado).
- Elaboración de marcapáxinas (reutilizando envases de cartón e outros).
- Elaboración de candís (reutilizando frascos de especias).

### ☞ Recollida selectiva e reciclaxe dos residuos (ensino infantil)

Representación de monicreques sobre a recollida selectiva, seguido da elaboración dun mural sobre a mesma (empregando envases reais).



### ☞ Encadernación ecolóxica

Empregando materiais de refugallo (envases de brik, teas, etc.).

### ☞ Ambientalización de festas

Breve introdución sobre consumo responsable, manexo de recursos e a festa a celebrar: Entroido, samaín, Nadal... Seguido dun obradoiro de ambientalización:

- Adornos de Nadal: faroliños, botes de neve, serpes xiratorias...
- Confección de mascarar e disfraces reutilizando cartón e envases comúns.
- Elaboración de “máscaras” tradicionais do Entroido galego: pantallas, peliqueiros, cigarróns... Empregando papel maché e materiais comúns.
- Retallado de cabazas e nabos de samaín.

### ☞ Elaboración de adornos e complementos do Nadal

Elaboración destes adornos e complementos mediante reutilización e reciclaxe de materiais cotiás.

### ☞ Consumo e depuración de augas

Confección e demostración dunha maqueta funcional dunha EDAR (Estación depuradora de augas residuais), empregando botellas de auga (PET) e materiais comúns. Esta actividade irá apoiada por un vídeo (10 minutos).

### ☞ Ecoauditoría dun centro

Análise dos aspectos ambientais do edificio e o seu recinto (consumo de auga e enerxía, materiais de construción, ruídos...).



### ☞ Xogo A cachón: o ciclo da auga.

Xogo de simulación sobre o ciclo da auga, as súas tomas e achegas ao paso por un río, contaminacións, etc. Doado de entender e reproducir.

### ☞ Limpadores ecolóxicos

Análise dos aspectos ambientais dos produtos de limpeza e droguería, tanto convencionais e ecolóxicos. Elaboración de receitas alternativas, máis ecolóxicas, seguras e económicas.

### ☞ Consumo responsable de enerxía

Obradoiros prácticos e demostrativos sobre a enerxía solar e eólica, empregando maquetas, aparellos que funcionan con este tipo de enerxías, e outros materiais relacionados coa enerxía no ámbito cotiá.

### ☞ Elaboración de perfumes vexetais

Análise ambiental de perfumes e cosméticos convencionais, e elaboración de produtos artesanais, con receitas doadamente reproducibles.

### ☞ Achegamento á agricultura ecolóxica e a compostaxe

Actividades teóricas e prácticas sobre asociacións e rotacións de cultivos, acolchados, defensa dos cultivos, compostaxe e fertilización...

### ☞ As plantas na escritura

Actividade divulgativa sobre a historia das plantas como fonte de soportes e utensilios de escritura. Inclúe realización dun papiro, papel de algodón e retallado de plumas de cana.





## Itinerarios e saídas

- ❑ **Natureza na cidade:** prestando atención aos seres vivos urbanos, ao medio físico da vila, e a indicadores de habitabilidade da mesma (ruídos, residuos, limpeza,...). Os alumnos elaborarán un estudo ou informe ambiental da súa localidade.
- ❑ **Roteiros no Entorno Natural:** tanto no rural preto da vila/cidade como en Espazos Naturais.
- ❑ Saídas nocturnas para **observacións astronómicas**.

Cada saída será complementada coa realización de actividades complementarias, segundo o tipo de medio:

- Calcos de cortizas.
- Reprodución de pegadas de animais en xeso.
- Construción de reloxo solares.
- Confección de lupas.
- Técnicas de orientación na natureza.
- Prácticas de debuxo rápido de campo.
- Xogos, ...

As saídas irán provistas con material de apoio: material de observación, guías de campo, mapas, documentación específica, botiquín...



## 2. GUÍA DE ACTIVIDADES: EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

### Charlas - coloquio

Abordando, entre outras, as seguintes temáticas:

- **Alimentación saudable.**
- **Seguridade alimentaria.**
- **Consumo de peixes e mariscos.**
- **Consumo responsable.**
- **Consumo enerxético na vivenda e o transporte.**

### Obradoiros

#### ☞ A Compra Equilibrada

Traballo con táboas nutritiva, etiquetas reais, roda dos alimentos, e apoiado con material didáctico, coa fin de transmitir as necesidades nutritivas a ter en conta cando realizamos a compra dos alimentos.

#### ☞ Etiquetado de alimentos

Traballo práctico, empregando etiquetas e envases reais, facendo unha análise de diversos aspectos do etiquetado (información que debe aparecer, posibles erros, interpretación...).

#### ☞ Un bó almorzo

Análise do propio almorzo, buscando posibles melloras, dende o punto de vista nutricional e actudinal. Apoiado con material didáctico.

#### ☞ Avaliación de aditivos

Actividade práctica sobre os tipos de aditivos empregados na industria alimentaria, propiedades e efectos na saúde, identificación no etiquetado, etc.



## Metodoloxía

O obxectivo en *Educación Ambiental* é a reflexión arredor de *actitudes* e *aptitudes*, promovendo a adaptación dos mesmos coa finalidade global de acadar un *Desenvolvemento Sostible*.

A metodoloxía empregada combina varios recursos (charlas-coloquio, xogos, obradoiros, visionado de vídeos...). O obxectivo desta mestura de recursos é, ademais da adaptación ás preferencias do receptor, a combinación de aspectos lúdicos e formativos e o fomento do debate.

Un aspecto importante é a **avaliación** das actividades: isto permite tomar nota das incidencias e acertos no deseño de cada programa, axudando a mellorar, e permitindo aos organizadores extraer conclusións sobre o resultado da mesma aos distintos niveis.

A avaliación xoga tamén un papel importante dentro dun proceso educativo que promova actitudes críticas nos participantes, facilitando o intercambio de impresións sobre o desenvolvemento da actividade, e permitindo que poidan suxerir e mesmo introducir cambios no deseño da mesma. Estas técnicas avaliativas, xa que logo, aplícanse ao longo da actividade, e non só ao final da mesma.

Ao remate do programa, entrégase aos organizadores un **informe-memoria** no que se recollan os materiais didácticos empregados, as avaliacións, e información complementar (bibliografía, enderezos útiles, anexos, ...).





**A Florida 1, 3ºB. 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)**

**T 986 505180 / 607 351501**

**[www.ventos.es](http://www.ventos.es) [info@ventos.es](mailto:info@ventos.es)**